



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>PP3</b>
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus pinaster Ait.</i> , aplicable a formacións mixtas con <i>P. radiata</i> .
OBXECTIVO:	Madeira técnica a quenda curta.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos, en particular XVIII e XIX (Pontevedra), IV e V (A Coruña). Montes con elevadas calidades de estación para piñeiro do país. IS>16 m.	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Marco e densidade de plantación	Plantación a 1.000 pés/ha (4 x 2,5m). Desmesta precoz en rexenerados naturais ata chegar a esa densidade antes dos 8 anos. Obrigatoriedade de manter as franxas de uso exclusivo de frondosas autóctonas e as distancias mínimas establecidas na lexislación vixente. Aproveitar rexeneración natural sempre que resulte indicado: materiais xenéticos locais e bos fenotipos. Replantacións sempre con planta mellorada de categoría cualificada ou controlada. Posible emprego de materiais resistentes a nematodo.
Mantementos	En plantacións, reposición de marras e roza total no primeiro ano. Recomendable aboado en plantación. Poda de realce aos 5 anos podando ramas ata 1 m de altura de fuste. Rozas por entreliñas nos primeiros anos e unha de repaso coa masa máis adulta.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas	Poda baixa aos 10 anos, restrinxida aos 550 pés/ha remanentes tras primeira rarea (moi precoz), ata 2,5-3 m. En xeral, renunciaríase a podas altas. Tratamento de restos no 50% das entreliñas.
Desmestas	Evitarase a realización de desmestas mediante a apertura de faixas no caso de rexenerados naturais. Roza-desmesta sistemática mecanizada (por entreliñas e nas faixas con arborado), reducindo a densidade a 1000 pés/ha antes dos 8 anos.
Rareas	Primeira rarea aos 10 anos. Semisistemática por liñas. Extracción de 450 pés/ha, diámetro medio extraído $d_e=12-13$ cm, volume extraído $V_e=21-28$ m <sup>3</sup> cc/ha (segundo calidades). Madeira obtida de trituración. Trituración de restos ou retirada para o seu aproveitamento. Segunda rarea aos 15 anos. Forte. Extracción de 250 pés/ha. $d_e>20,2$ cm, $V_e$ de 50 a 60 m <sup>3</sup> cc/ha (segundo calidades de estación). Posible poda alta a 5,5-6 m dos mellores 100 pés/ha. Madeira obtida de serra e trituración. Trituración de restos ou aproveitamento enerxético.

<b>CORTA FINAL DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	A quenda de 25 anos. 300 pés/ha. Elevada proporción de madeira de aserrado cánter. Prolongable en caso de que o prezo da madeira grosa así o aconselle.
Métodos de corta	Corta a feito e tratamento ou aproveitamento de restos, rexeneración por replantación ou natural. Produtividade global, incluíndo rareas, de 12,5 a 15 m <sup>3</sup> /ha ano, segundo calidades (en xeral serán altas). En corta final, obtense madeira técnica con $dn>35$ cm, volumes medios entre 0,8 y 1 m <sup>3</sup> /pé.

